



INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: SERVIZO PARA A XESTIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN
Valor estimado de licitación do contrato: 1.332.852,52€ (333.213,13 €/ ano)
Duración: 2 anos dende a formalización prorrogables ata 2 anos mais máximo segundo acordo

Datos do expediente:

- Procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada
- Tramitación ordinaria
- Múltiples criterios de valoración: subxectivos e obxetivos

Analise da proposta

A proposta de adxudicación formulada polo Director de Recursos Humanos o 10/11/2015, detalla o iter procedimental resultando:

- Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- Presentouse un único licitador: TecnoCom, telecomunicaciones y energia S.A.
- Que unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, previa solicitude dos informe técnicos, e visto que o único licitador cumpría os requisitos esixidos e as súas proposicións se axustaban aos pregos, remitiuse a proposta da mesa ao órgano competente para a contratación, que formulou proposta de requirir ao único licitador para aportar a documentación precisa para a adxudicación.
- A oferta económica do licitador foi: 300.000€ V.E./ ano (363.000€ con iva) e bolsa de 100 horas para tarefas de consultaría
- Que o licitador requirido presentou no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida e constituíu a garantía definitiva do 5% do valor estimado ofertado en atención á duración inicial (30.000€)

O Director de RRHH e Rexime Interior examina a documentación presentada e a considera correcta.

Examinada a proposta de adxudicación á Mesa do Parlamento a favor de TecnoCom, telecomunicaciones y energia S.A., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación



De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 16 de novembro de 2015

A interventora